

FRANCISCO JAVIER CASTIÑEIRA IZQUIERDO, secretario da SOCIEDADE MUNICIPAL DE XESTIÓN DO TRANSPORTE URBANO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, SA (TUSSA)

CERTIFICO:

Que o Consello de Administración de TUSSA, na sesión ordinaria que tivo lugar o 11 de marzo de 2016, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“2. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE SEGURIDADE DA ESTACIÓN DE AUTOBUSES.

PRIMEIRO: Excluir da licitación as ofertas presentadas polas empresas COMPAÑÍA ESPECIALIZADA EN SEGURIDAD E INSTALACIONES TÉCNICAS, SL (CESIT), EULEN SEGURIDAD, SA, GRUPO RMD SEGURIDAD, SLO, PROYECTOS DE SEGURIDAD Y CONTROL, SL (PROSECO, SL), SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, SA e SERVICIOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTENIMENTOS A-1, SL, por non presentar a relación detallada dos medios persoais e materiais que se comprometen a adscribir á execución do contrato de acordo coa cláusula 13.3.2 do prego de aplicación.

SEGUNDO: Adxudicar o contrato de referencia á empresa **ASTRA SISTEMAS, SA** por un importe de 92.290,56 € (máis o IVE), ao ser a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas.

TERCEIRO: Designar ao xerente como responsable supervisor dos traballos obxecto do contrato”

Para que conste para os efectos oportunos, asino a presente certificación en Santiago de Compostela o quince de marzo dous mil dezaseis.

Visto e prace,
O PRESIDENTE

